COMO PODES AXUDARME?

- **Non salgas nunca** dos **camiños marcados**.

- **Mira** sempre **onde pisas**.
- Se **visitas** un **espazo natural** protexido, **respecta as** súas **normas.**



- Se gustas de levar as túas **mascotas** a gozar de medios protexidos, recorda que sempre deben ir **debidamente atadas**.

"Se me axudas, eu sempre agasallareite co meu canto"

MOITAS GRAZAS!

O NOSO PROXECTO

Na nosa gran aposta polo respecto ao Medio Ambiente o IES NÚM. 1 - Libertas e os técnicos do Medio Ambiente do Parque Natural das Lagoas da Mata- Torrevieja queremos dar a coñecer a problemática da Píllara das dunas (Charly) e concienciar á poboación para conseguir a recuperación desta especie.

PROXECTO DE COMUNICACIÓN E EDUCACIÓN AMBIENTAL PARA A CONSERVACIÓN DA PÍLLARA DAS DUNAS



Texto, ilustracións e deseño alumnado e profesorado IES NÚM. 1 - LIBERTAS.
Foto: Antonio Manglano Yáñez pertencente ao grupo ornitolóxico G.O.G. Torrevieja.

#AyudaACharly

Píllara das dunas

GENERALITAT VALENCIANA

parc natural de la mata-torrevieja

In Sapientia Libertas I.E.S. NÚM. 1 - LIBERTAS

EAR

QUEN SON?

Voume presentar, chámome: **Charadrius alexandrinus**. Charly, a píllara das dunas para os amigos.

Son unha **ave pequena**, de non máis de 17 cm e coas ás abertas, uns 43 cm.
Móvome moi rápido, e cando teño fame son bastante nervioso. Encántanme os **insectos**, as **miñocas** e os pequenos **moluscos** que hai na **area**.



As miñas **plumas** son **brancas** no **peito** e **no ventre** e **pardas** nas **costas**, teño unhas **manchas escuras** na **fronte** e no **ollo**, que semellan unha **máscara**. As miñas **patas** son **longas** e **finas** e de **cor escuro**; o meu **peteiro** é **curto**, **fino** e **negro**.

ONDE VIVO?

Gusto da auga e por iso vivo nas **praias** e **zonas húmidas**, no litoral normalmente.
Nos últimos **10 anos** a miña poboación **reduciuse nun 70% en España**, só **quedamos 6000 parellas**.
Aniño en solitario no chan, coa miña parella ou con algunhas parellas amigas, pero en **pequenos grupos**.

Facemos os **niños** en **zonas areosas** en **lugares abertos** e con pouca vexetación; sei que é moito risco, pero son as nosas costumes. Os **ovos** das nosas crías son dunha cor **parda clara** e **manchas escuras**, poñemos normalmente uns **3 ovos**. **Incubámolos** de **24 a 27 días** entre os dous proxenitores.

CÓNTOCHE O MEU PROBLEMA?

Bo, xa sabes un pouquiño da miña vida; ao principio vivíamos felices, pero dende hai uns anos estamos a ter problemas.

A nosa **época de cría** é **entre abril e agosto**, e xa sabes como están as praias nesas datas. Moitos dos nosos **ovos** son esmagados polas **pisadas** das **persoas**, e ás veces, os **niños** son **destruídos** por **cans** e **gatos**.

Outro problema é que cando **limpan as praias** arrasan con todo, incluídos os niños.
Menos mal que temos os nosos refuxios, como son os Parques Naturais. Nestes lugares sentímonos protexidos, pero aínda hai **persoas que non respectan as normas** e tamén son un perigo.